

O enigma Obama

Roberto Mansilla (Xornal de Galicia, 18/01/2009)

Barack Obama converterase o pr3ximo 20 de xaneiro de 2009 no primeiro presidente negro na Casa Branca. O suceso 3 sumamente significativo para un pa3s configurado en torno a diversas minor3as 3tnicas e raciais que, no caso da comunidade negra, determinou duras loitas por acceder aos seus dereitos civ3s e pol3ticos na segunda metade do s3culo XX.

Se nos centramos nestes aspectos simb3licos de car3cter social e racial, Obama achega un aut3ntico mosaico global: un ex activista social de orixes africanas, cun nome musulm3n e infancia nun ex3tico pa3s como Indonesia, agora convertido na figura pol3tica do momento e no presidente da (a3nda) naci3n m3is poderosa do planeta. Con 47 anos e unha ascendente carreira pol3tica como senador do Partido Dem3crata, Obama semella simbolizar unha certa aparencia de alternativa pol3tica.

3 carga simb3lica plasmada no triunfo electoral de Obama o pasado 4 de novembro eng3dese 3 realidade (e necesidade) que sup3n iniciar unha nova era pol3tica para EEUU. Con Obama rematar3n oficialmente oito anos de agresivo goberno neoconservador de George W. Bush, principalmente en pol3tica exterior, e que remata o seu per3odo sumindo a EEUU e o mundo na peor crise econ3mica desde os tempos da Gran Depresi3n de 1929.

Obama deber3 incorporar todos estes elementos nunha axenda pol3tica que segue a constitu3r unha inc3gnita para EEUU e o mundo. En primeiro lugar, no seu propio pa3s, polarizado e desgastado tras case unha d3cada de pol3mica ideolox3a conservadora e reaccionaria baixo Bush. Obama deber3 as3 temperar un clima pol3tico que precisa retomar os canais do consenso en medio dun mar de pesimismo: a finais de 2008, s3 un 10% dos estadounidenses pensaban que o seu pa3s 3a por bo cami3o.

O consenso que precisan Obama e EEUU vai en direcci3n directamente proporcional 3 necesidade de recuperar a imaxe estadounidense no mundo, gravemente danada pola herdanza de Bush. Washington urxe refacer o seu maltrato cr3dito moral internacional, e vela3 a preponderancia e trascendencia de decisi3ns relevantes como o peche de Guant3namo e a aposta por unha diplomacia multilateral, responsabilidade que se personificar3 na figura de Hillary Clinton como nova secretaria de Estado.

Este c3mulo de expectativas en torno a Obama estar3n igualmente determinadas polo seu estilo de goberno, do que se agarda unha maior flu3dez e apertura. En principio, Obama gozar3 tanto dunha elevada aceptaci3n popular como do respaldo que sup3n o dominio do Partido Dem3crata en ambas c3maras do Congreso estadounidense, as3 como en boa parte do Senado. Deste xeito, Obama lograr3 inicialmente controlar a oposici3n dun Partido Republicano en horas baixas e en per3odo de reconstruci3n.



O consenso que precisan Obama e EEUU vai en direcci3n directamente proporcional 3 necesidade de recuperar a imaxe estadounidense no mundo, gravemente danada pola herdanza de Bush. Washington urxe refacer o seu maltrato cr3dito moral internacional, e vela3 a preponderancia e trascendencia de decisi3ns relevantes como o peche de Guant3namo e a aposta por unha diplomacia multilateral, responsabilidade que se personificar3 na figura de Hillary Clinton como nova secretaria de Estado. [Foto: Barack Obama e Hillary Clinton en Chicago o 1 de decembro de 2008].

Non obstante, manexar as influentes e sectarias clases políticas en Washington supón un duro exercicio para un presidente politicamente inexperto. Sen un programa e filosofía política ben definidos, lidando cunha noción de socialdemocracia de corte liberal, Obama cae no risco de fracasar tanto no aspecto comunicativo como na efectividade da súa acción política. Dentro do actual momento de crise, transmitir unha imaxe ambigua e pouco definida desde a Casa Branca aumentará a confusión e os receos cara Obama.

A inestabilidade en Afganistán e Iraq, o complicado taboleiro en Oriente Próximo (con Palestina no centro actual de atención e Irán como posible foco de tensión a mediano prazo) e a febleza da economía estadounidense, suxeita a unha débeda superior aos 10 billóns de dólares e un déficit federal estimado para o 2009 en 1,2 billóns de dólares, son retos ineludibles para un presidente do que se espera unha irreal fórmula de salvación.

En todo caso, con Barack Obama na presidencia, EEUU inicia unha era política chea de incerteza e de esperanza. Os recentes escándalos de corrupción no seu entorno, que levaron á renuncia do seu nomeado secretario de Comercio, Bill Richardson, activan unha presión política que aumentará unha vez o novo goberno asuma as súas responsabilidades. Moito se espera de Obama pero pouco se sabe de qué forma afrontará (e reaccionará) ante tan ineludibles e poderosos retos.

Roberto Mansilla Blanco, analista do Igadi.